

SCREENING DO USO PROBLEMÁTICO DE INTERNET ENTRE OS ADOLESCENTES DA COMUNIDADE GALEGA



RESULTADOS GLOBAIS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Valedor
do Pobo
Galicia

OBXECTIVOS


- Coñecer os hábitos de uso de Internet e as Novas Tecnoloxías dos/as estudantes de ESO en Galicia.
- Dispor de datos estimativos do volume de adolescentes que poderían estar realizando un uso problemático ou pouco saudable da Rede.

MOSTRA


- 255 centros participantes (183 públicos e 72 concertados)
- 44.051 adolescentes (22.405 homes e 21.646 mulleres).
- Idades comprendidas entre os 12 e 17 anos (Media: 14,37; Desv. Típica: 1,36).
- 33.233 cursaban os seus estudos en centros públicos e 10.818 en centros concertados.

HÁBITOS E MOTIVACIÓNS DE USO DE INTERNET


¿Con que frecuencia utilizas Internet?




Os días que te conectas, acostumas facelo...




¿A que hora te conectas habitualmente?




Conéctaste a través de...



Polo xeral conéctaste cando estás...




Habitualmente conéctaste para...




REDES SOCIAIS, TELÉFONO MÓBIL E WHATSAPP


¿En cantas redes sociais estás rexistrado?




¿En cales estás rexistrado?




¿Con que frecuencia te conectas ás redes sociais?




¿Tes teléfono móbil?



¿A que anos tiveches o primeiro móbil?




¿Que aplicación de mensaxería instantánea utilizas?



Idade media de acceso ao primeiro móbil: 11,12 anos

PAPEL DOS PAIS



RISCO DE DEPENDENCIA

ESCALA DE SCREENING	RISCO	%
Ata 15 PUNTOS	Baixo/ Moderado	81,8%
16- 26 PUNTOS	Medio/Alto	14,1%
Máis de 26 PUNTOS	Uso Problemático	4%

USOS PERIGOSOS/PROBLEMÁTICOS (últimos 12 meses)

Sentícheste ameazado/acosado ou humillado a través de Internet?	8,9%
Ameazaches, acosaches ou humillaches a outros a través de Internet?	6,8%
Enviácheslle a outra persoa fotos ou vídeos de ti mesmo/a de contido erótico ou sexual a través de Internet?	4%
Chantaxeáronte con publicar e difundir fotos ou vídeos teus en Internet?	3,9%
Entraches en páxinas web de contido erótico?	17,3%
Apostaches cartos en xogos de azar <i>on line</i> ou nalgunha web de apostas?	4,2%
Contactaches con descoñecidos a través de Internet?	31,4%
Quedaches con persoas que coñeches exclusivamente a través de Internet?	10,7%

RESUMO

- O 71,2% dos alumnos de ESO utiliza Internet a diario. O 13,5% conéctase máis de 5 horas ao día (22,9% na fin de semana).
- O 90,7% dispón de teléfono móbil (1 de cada 3 antes dos 11 anos), o 93% está rexistrado nalgunha rede social (o 51% en máis de 3) e o 89,2% é usuario de Whatsapp.
- O móbil é a principal vía de acceso a Internet (81,2%), seguido do ordenador portátil (41,5%).
- Só a metade (51,1%) dos pais controla o uso de Internet que fai o seu fillo/a (o 48,1% no caso do móbil).
- O 17,3% ten discusións frecuentes na casa por mor de Internet e o 24,2% por mor do móbil.
- O 8,9% sentiuse ameazado ou acosado a través de Internet no último ano e o 6,8% ameazou ou acosou a alguén.
- Detectouse un 4% de *sexting* e o 31,4% reconece ter contactado con descoñecidos a través da Rede, chegando en 1 de cada 3 casos a quedar fisicamente con eles.
- O nivel de risco de adicción a Internet é moderado (o 81,8% dos mozos/as están a facer un uso axeitado da Rede), aínda que un 4% presentan signos manifestos de Uso Problemático.

UNIDADE DE PSICOLOXÍA DO
CONSUMIDOR E USUARIO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

